



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS, XANELAS E PORTAIS DO NADAL 2021

Artigo 1. Obxeto e participación

Esta campaña ten como finalidade, amosar as obras anónimas de decoración que realizan os veciños/as do Concello, coincidindo coas datas de Nadal, en ningún momento ten finalidade comercial

Poderán participar todos os veciños/as do Concello de Barbadás, que teñan vivendas con balcóns, xanelas ou portais que poidan ser decorados.

Artigo 2. Valoración

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo. Valorarase

- A creatividade.
- A orixinalidade.
- A combinación de elementos e cores,
- A iluminación e composición.
- Motivos empregados para decorar.

Artigo 3. Inscripcións

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello (www.barbadas.es)

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica dende o 30 de novembro ata o 11 de decembro de 2021 (ambos incluídos).

Coa ficha de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do balcón, xanela ou portal ó enderezo de correo electrónico cet@barbadas.es ata o día 11 de decembro de 2021 (incluído), facendo constar no asunto do correo electrónico PARTICIPACIÓN CONCURSO DE BALCÓNS, XANELAS E PORTAIS así como o nome da persoa participante.





CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 4. Órgano avaliador

Na web do Concello (www.barbadas.es) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 13 e 19 de decembro de 2021.

Unha vez se coñeza o/a gañador/a do concurso, comunicaráselle formalmente e ademáis publicarase na web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 5. Premios

Establécense os seguintes premios:

1º premio ao mellor balcón de 250 €

1º premio a mellor xanela de 250 €

1º premio ao mellor portal de 250 €

Artigo 6. Criterios de adxudicación dos premios

Os premios serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.

Artigo 7. Entrega de premios

O día 22 de decembro publicarase o listado das persoas gañadoras.

O día 23 de decembro entregaranse os diplomas as persoas gañadoras.

A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.

